



ao vivo
MÚSICA
NÚMERO 1
MARZO 2008

THE BLOWS

NOVOS, PROVOCADORES E COAS IDEAS CLARAS

XUNTA DE GALICIA

**THE BLOWS • METAL GALEGO • DELUXE & BUDIÑO • UN DÍA CON CORNELIUS •
ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS • A MÚSICA GALEGA NO MUNDO • SALA ATURUXO**

3 peixes voando

Xabier Díaz, Ugía Pedreira e Guillermo Fernández
coa Radio Galega Música




sábados de 18:00 a 19:30
domingos de 23:00 a 00:30
www.crtvg.es/trespeixesvoando

G
musica

RADIO GALEGA
música sen fin

Santiago 104.2 · Ferrol 106.3 · A Coruña 92.1 · A Cova (Centro. Prov. Lugo) 96.6 · Ourense 95.6 · Lugo (Capital) 106.2
Pontevedra 101.4 · Xiabre (Noia, Cambado) 88.0 · Vigo (Domaio) 90.8 · Xistral 100.2



SUMARIO

- 4 THE BLOWS**
O seu primeiro disco está en boca de todos.
- 7 TESOUROS SOTERRADOS**
Miki Nervio descómbrenos a faceta musical do mítico debuxante Crumb.
- 8 SETE DE SETE** Tres músicos falan dos seus directos favoritos.
- 10 DETRÁS DA CANCIÓN**
Xoel Deluxe e Budiño gravaron *Ollos de sal* para o último disco do gaiteiro.
- 12 METAL GALEGO**
Fuxindo do clixé, así son as bandas galegas do rock máis potente.
- 15 LOCAL DE ENSAIO** Leñaverde completa a oferta de Boiro.
- 16 UN DÍA CON CORNELIUS**
A banda de Vilagarcía, desde as suores da carga ás de despois de tocar.
- 18 A MÁQUINA DO TEMPO**
Eladio Santos e a súa peripecia vital e musical.
- 19 EN REDE** Os grupos ao vivo... e ao pé da túa casa.
- 26 OPINIÓN** Por Noel Feáns, de Fanny & Alexander.
- 27 A SALA** Aturuxo, en Bueu, un clásico da escena musical.
- 28 A MÚSICA GALEGA NO MUNDO**
A nacente industria galega busca novas vías no exterior.
- 30 TABOLEIRO** Os concertos do 2007 en imaxes.

Máis de 80 grupos e solistas, 75 deles galegos, ofrecerán este ano concertos por salas de todo o país dentro da programación da Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV). Este circuito promovido pola Consellaría de Cultura e Deporte a través do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) e a asociación Clubtura, chega ao seu segundo ano de funcionamento cun total de 576 actuacións previstas en locais de 35 concellos (297 celebráranse na provincia de

Pontevedra, 150 na da Coruña, 71 na de Lugo e 58 na de Ourense). A partir de 2008, esta programación leva o nome de Carlos Humberto Díaz Pérez, en memoria dun dos seus principais impulsores.

A RGMV atesoura, pois, boa mostra do potencial musical galego. Folk, rock, pop, blues, música electrónica, jazz ou mesmo canción de autor —tanto de formacións emerxentes como doutras máis consolidadas— teñen o seu

oco neste circuíto, que non fai senón reflectir a inxente variedade de estilos e a elevada calidade dos nosos artistas.

A eles en concreto, á música galega en xeral e a todo o público —o declarado e o potencial— vai dedicada esta nova revista AO VIVO, co propósito de establecer un vínculo sólido, pero tamén fresco e cómplice, cos seus destinatarios, cos que se atopará dúas veces ao ano: en xaneiro e en setembro.

Nesta primeira entrega, a revista queda xa estruturada coas súas seccións fixas (Tesouros soterrados, Un día con, A máquina do tempo...), así como coa carteleira —que remite á nova web www.musicaovivo.info— con entrevistas e reportaxes variables e con colaboracións de implicados no sector. O noso afán non é outro que contribuír a facer visible a nosa música e identificar aos seus protagonistas. Están “ao vivo” e agora queren demostrarcho.

AO VIVO Música é unha revista de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito en locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

EDITA: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Consellaría de Cultura e Deporte.

PRESIDENTA: Ánxela Bugallo Rodríguez.

VICEPRESIDENTE: Luís Bará Torres.

XERENTE: Miguel Martín Fernández.

CONSELLO DE REDACCIÓN: Xavier Campos, Olga Nogueira, Ana Miragaya, Ana Rosales.

COORDINACIÓN: Área de Comunicación IGAEM.

PRODUCCIÓN E TEXTOS: Em2 Emoción&Arte.

COLABORAN NESTE NÚMERO: Miki Nervio, Noel Feáns, Eladio Santos, Emma Placer.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Reverso.

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Logoferoz.

FOTOGRAFÍAS: Janite, Roussa, cesións de grupos e arquivo do IGAEM.

Impresión: Litoror.

Tiraxe: 9.000 exemplares.

I.S.S.N.: 1888-6191 / D.L.: C 692-2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es
www.musicaovivo.info

THE BLOWS

**Acaban de editar disco, e
queren demostrar por que
todo o mundo fala deles**

FOTOGRAFÍAS de JANITE



Dende que apareceu a súa primeira maqueta, The Blows convertéronse nese grupo do que todo o mundo fala, para ben e para mal. A súa querenza polo máis contemporáneo do rock é evidente desde os primeiros acordes de calquera das súas cancións; non obstante, eles considéranse herdeiros da tradición do punk e do garage colocados sobre a pista de baile. En xaneiro, The Blows presentaron o seu primeiro longa duración, *Upskirts* (PuPilo Records), da man da mesma discográfica que edita aos tamén galegos Cat People, no que confirman o seu gusto polo rock contemporáneo, pero tamén pola simplicidade e o son cru, unha aposta que os levou incluso a poñerlle as pilas a todo un produtor de fama internacional coma Christian Vogel.

De onde veñen The Blows?

Pois todos andabamos xa por outras bandas de Vigo. Álex tocaba a batería nun grupo punk, Bruno estaba nun de grunge-rock-experimental, o outro Álex tocaba o baixo nun de garage psicótico e Roy facía brit pop e noise.

Como vivistes este bombazo, este salto á palestra pública nun tempo relativamente curto?

En moitos medios faláron da nosa primeira maqueta, e levamos varios premios importantes con ela. O que máis nos gustou foi que en moitos locais da movida indie viguesa nos pinchaban sen termos disco editado, polo medio de sesións nas que soaban bandas importantes, e a xente non notaba que estaba soando un grupo de aquí. Non somos moi conscientes de se está habendo bombazo ou non; agora as visitas ao noso myspace aumentan considerablemente cada día, e non sabemos se isto significa algo ou non. Xa veremos o que ocorre.

Cando se fala de vós hai sempre dous ou tres nomes que parecen inevitables: Franz Ferdinand, The Strokes, The Libertines... case todos grupos moi contemporáneos. Que significan para vós? É unha honra ou é un lastre que sempre vos comparen?

‘Upskirts’ saíu da man do mesmo selo dos Cat People

Iso foi pola nosa primeira demo, que era moi directa, sincera, inocente. Nela mostrabamos o que máis nos gustaba hai dous anos, a xente agora le artigos onde falan diso e cren que seguimos facendo o

mesmo, pero xa non é así. Encontramos o noso son. Parece que a xente insinúa que non escoitabamos música anterior ao primeiro disco dos Strokes, pero, aínda que somos novos, hai once ou doce anos xa faciamos rock and roll. De todos modos

son uns referentes da música moderna actual, miles de grupos están influenciados por eses tres grandes que nomeaches.

Que outras influencias tedes? Que escoitades ultimamente?

Dende garage dos sesenta ata a electrónica máis moderna. Gústannos os Stooges, The Fall (tedes que escoitar a nosa versión en directo), Pulp, She Wants Revenge, The Presets, These New Puritans, Crystal Castles, Interpol, The Infections...



Como vedes a escena rock galega neste momento? Hai grupos, salas ou discos que vos interesen especialmente?

Hai moi bos compositores e artistas en Galicia, pero non cremos que haxa unha escena como houbo hai vinte anos. Destacan dous ou tres grupos indie, e algún outro que xa non é tan indie. A nós interésanos todo o que se coce por aquí. Para facer algo interesante a nivel profesional, ou estatal, é difícil se non se sae de aquí a probar sorte noutras capitais. Nós imos intentar manter a base de operacións en Vigo.

No mesmo selo ca vós, PuPilo Records, están outros galegos, Cat People. Tedes relación con eles?

Si. Practicamente non nos coñeciamos antes de que o selo nos ofrecese o contrato discográfico. A raíz diso compartimos escenarios e convivimos con eles na gravación do disco en Barcelona. Levámonos moi ben. Son grandes artistas.

Que tal foi a gravación de *Upskirts*?

Moi dura: poucos cartos para vivir en Barcelona durante dúas semanas, algúns tivemos que durmir na furgo varios días... Christian Vogel [produtor de, entre outros, Chicks on Speed, e remesturador de Ra-

“CHRISTIAN VOGEL É UN PROFESIONAL DE NIVEL INTERNACIONAL E SENTÍÁMONOS MOI PEQUEÑOS AO SEU LADO. MAIS NA SESIÓN DE MESTURAS NÓS QUERIAMOS UN SON MÁIS CRU E DIRECTO DO QUE EL NOS PROPUÑA. AO FINAL MESTURAMOS AQUÍ EN VIGO”





diohead ou Mäximo Park] foi un mestre, aprendemos moito con el. É un profesional de nivel internacional e sentiámonos moi pequenos ao seu lado. Pero na sesión de mesturas nós queríamos un son máis cru e directo do que el nos propuña. Queríamos un son máis sincero, case sen arranxos de produción, para o noso primeiro disco. Ao final mesturamos aquí en Vigo, e masterizouse en Nova York, e estamos satisfeitos co resultado.

O disco reflicte ben o que fan The Blows en directo, ou nos vossos concertos hai sorpresas, variacións...? Como é un concerto de The Blows?

Os concertos son unha versión mellorada do disco. Tocamos cancións que acabamos de compoñer, improvisamos versións, non deixamos de pasalo en grande dende que saímos ao escenario, e queremos que a xente o pase mellor ca nós. Todo o que soa no disco levámolo perfectamente ao directo, non hai enganós. Son 55 minutos de diversión e enerxía sen parar. Tamén

nos rompen os instrumentos e nos acopla todo e ao final é un caos, pero iso é o rock and roll.


Podedes recordar como foi o voso primeiro concerto como The Blows?

Invitáronnos a tocar nunha festa de presentación dunha revista na Iguana Club en Vigo. Tocar alí sempre é máxico.

Cal foi a vosa mellor experiencia ao vivo e cal a peor?

A mellor, Paredes de Coura. Tocar nesas condicións é unha gozada. Tratáronnos moi profesionalmente, e saíu todo moi ben. Coñecemos moita xente interesante. O peor creo que aínda non ocorreu. Gozamos igual ou máis tocando ante vinte persoas no local máis perdido do mundo, que ante 1.000. Algunha vez tivemos que tocar con equipos moi chungos, sen probar son, con 10 horas de furgo enriba, sen comer, sen moitas pezas de batería, e cos micros que daban correntazos ao achegarse. Pero iso é punk, e gústanos o punk!

“A XENTE INSINÚA QUE NON ESCOITAMOS NADA ANTERIOR AO PRIMEIRO DISCO DOS STROKES, PERO, AÍNDA QUE SOMOS NOVOS, HAI DOCE ANOS XA FACIAMOS ROCK”



Cando se me comentou a idea de escribir estas palabras, o meu cerebro, coma se dunha visión fotográfica se tratase, lanzou de inmediato a imaxe da portada dun disco dunha banda pouco coñecida, a non ser polos realmente amantes do blues: Robert Crumb & His Cheap Suit Serenaders. O disco en cuestión foi feito en 1976 e leva por título *Chasin' Rainbows*.

Coñecía a Crumb polos cómics que lle deron renome como máximo expoñente do underground a finais dos sesenta. A súa portada do mítico *Cheap Thrills* de Janis cos Big Brother & The Holding Company converteuno, contra o seu gusto, en icona da cultura hippie.

Moito tempo despois -xa levaba eu algún tempo cos Blues-makers-, vagando pola web, cousa que trae en ocasións sorpresas agradábeis, atopei unha páxina dedicada a este peculiar individuo. Descubrí a súa paixón polo blues antigo e en xeral polo que hoxe se coñece como *old time music*, que engloba variantes e estilos case todos eles co blues presente, por algo é a base da música occidental do século XX, e que poderíamos situar no tempo con gravacións anteriores, máis ou menos, a 1940. Descubrí tamén que, mediados os anos setenta, Crumb

TESOUROS SOTERRADOS

Chasin' Rainbows

Robert Crumb & His Cheap Suit Serenaders

Por MIKI NERVIO

formara a banda que é o motivo deste artigo. *Ipsofacientemente* me puxen a buscar material en Internet. Mais a cousa estaba complicada, non atopaba xeito de encontrar os discos e incluso encargalos a América parecía imposible, pois semellaban estar descatalogados. Tras unha tempada obsesionado co tema, deixeiño para tempos mellores.

Velaquí as casualidades desta condenada vida: cando xa case tiña esquecido o percal, abriu na Coruña a multinacional Virgin, e un bo día que fun por alí remexer nos discos de supero-



ferta apareceu o disco que estou a comentarvos, a prezo regalado. Pódovos dicir que marcou un antes e un despois. Aínda hoxe, cando escoito *I want a little girl* énchome, sen poder evitalo, dunha sensibilidade especial que me recorda que a música é unha das poucas cousas que pagan realmente a pena neste puto mundo.

Nin que dicir ten a influencia que marcan aínda hoxe para min e a miña banda este e outros discos que foron chegando. Anos despois, tras marchar vivir a Francia (pois aceptou a oferta dun multimillonario que lle regalou unha casa nese país

a cambio duns debuxos), mister Crumb formou outra banda memorábel, Les Primitifs du Futur, con outros tres discos maravillosos, tamén con moito blues e música francesa tradicional.

Para rematar, algunhas notas informativas e anecdóticas:

Terry Zwigoff, o cello na banda, é hoxe director de cine de prestixio (*Ghost World*, *Bad Santa*). En 1994 filmou unha especie de documental chamado precisamente *Crumb*.

Bob Brozman, que tamén formou parte dos Cheap Suit Serenaders no seu terceiro e último disco, *Singing in the bathtub*, e a quen tiveren o deleite de poder ver en directo nun garito de Lutton, preto de Londres, é actualmente un dos grandes virtuosos da guitarra resoadora ou slide guitar no blues e na música hawaiana.

Crumb tocaba o banjo nesta banda e, sen ser un virtuoso, tiña un magnífico gusto. Rexeitou no seu día unha proposta para facer a portada dun disco dos Stones, e posúe unha das máis extensas coleccións de discos de lousa do mundo. Fixo unha baralla dos principais mestres do blues tradicional, deseñada e debuxada de xeito maxistral, que pasa por ser unha peza de arte fabulosa e unha magnífica escolma histórica dos comezos do blues.



FOTO: WWW.YPISTOLA.COM



FOTO: WWW.XACOBEMARTINEZANTELO.COM

MANOLITO

CANTANTE DE NIÑO Y PISTOLA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Non me lembro moi ben, pero se cadra foi a un dos Herdeiros da Crus naquela época dourada do bravú. A min non me gustaban moito, pero paseino en grande.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario?

En realidade non foi nun concerto. Eu empecei a tocar a guitarra en 8º de EXB e ao meu tío deulle unha arroutada probablemente relacionada coa crise dos 40, e mercou unha batería. Álvaro, veciño de toda a vida que pasaba as tardes na casa imitando a Adam Clayton (baixista de U2), viu que eu tiña unha guitarra e decidiu comprar un baixo Fender mexicano, o mesmo que segue tendo en Niño y Pistola. Así que comezamos a xuntarnos para tocar, e o de dar concertos xurdiu máis adiante, cando nos vimos listos e preparados para facelo en condicións.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Hai moitos memorables: Kula Shaker este verán, Radiohead ou Zero7 no Coliseu do Porto, os Jayhawks ou os Soundtrack Of Our Lives no Capitol, Divine Comedy no Sonorama o verán pasado, Jamiroquai en Castrelos hai uns anos... Tamén o paso en grande nos concertos de Deluxe, malia o que poida pensar a xente.

4 A que concerto histórico che gustaría ir e non fuches?

Aos concertos que deron en Osaka e en Toquio os Deep Purple, os do Made in Japan, sen dúbida.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Gustárame, por exemplo, multiplicarme e tocar máis instrumentos á vez e poder facer varias voces. Ás veces sinto envexa

de Quique por tocar a batería, ou de Álvaro por tocar o baixo, ou de Moncho por facer as segundas voces...

6 Que actuación recordas con máis cariño?

O ano pasado tocamos no Capitol, e foi moi importante para nós. Tocar no sitio no que vexo os concertos de verdade e facer unha aposta de moito diñeiro por nós mesmos e polos 6PM, que tamén tocaban, e que todo saía ben paréceme un paso adiante moi importante na nosa traxectoria.

7 E cal foi a actuación máis desastrosa?

Unha vez que tocamos no Marrrucho de Baiona, a nosa vila. A etapa de potencia do equipo de son apagábase seguido, soaba fatal, trabucámonos moitísimo. Menos mal que nos pasou na casa.



XACOBE MARTÍNEZ

CONTRABAIXISTA DE SUMRRÁ

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Recordo como moi ao lonxe un concerto de Noroeste, con Cuc-hús Pimentel, Kin García, etc. no Auditorio da USC, en Santiago. Eu tería 12 anos. Os meus pais levábanme ao teatro e a concertos dende moi cativo, pero lembro aquel en concreto con todo luxo de detalles.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario?

A verdade é que o que eu decidín foi facer música... O do escenario é a consecuencia marabillosa e inevitable.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Lembro por exemplo o de John Scofield Trio na praza do Teucro, en Pontevedra, hai un par de anos. Un verdadeiro mestre, en todos os sentidos, toda unha delicia de noite.

4 A que concerto che gustaría ir e non fuches?

Un de Sonny Rollins no Village Vanguard de Nova York, a finais dos cincuenta, con Wilbur Ware e Elvin Jones, por exemplo.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Vou facendo o que quero, igual non tan rápido como me gustaría, pero gózase máis amodo... sobre todo ben acompañado.

6 Que actuación túa recordas con máis cariño?

O primeiro concerto do meu quinteto no Feitoaman de Compostela foi moi emocionante para min e, desde logo, todos e cada un dos concertos de Sumrrá. Non o cambiaría por nada.

7 E cal foi a actuación máis desastrosa?

Unha que non vou describir... De feito tña esquecida...



FOTO: AVELAÍÑA

ANTONIO VILLANUEVA

GUIARRISTA DE AVELAÍÑA

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Un de Mike Oldfield en Pontevedra; xa choveu dende aquela...

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario?

Nun festival rock que se fixo na miña vila, en Marín, alá en 1988.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Os primeiros (Mike Oldfield, Uriah Heep, etc.) son os que con máis agrado recordo. Nos nosos tempos pásao moi ben cada vez que vou ver a Mercedes Peón.

4 A que concerto da historia che gustaría ir e non fuches?

Pois ao mítico Festival de Woodstock, pero bastaríame con estar en calquera que dese Jimi Hendrix, de Frank Zappa ou mesmo de Deep Purple na súa primeira época.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Videoproxeccións e espectáculo visual en xeral. Non dou atopado os colaboradores necesarios para complementar a parte musical coa visual.

6 Que actuación túa recordas con máis cariño?

A última, a última sempre é a máis divertida, porque cada vez estamos máis tranquilos e as cousas soan mellor. Tamén recordo con cariño as miñas actuacións do instituto.

7 E cal foi a actuación máis desastrosa?

Desa non me lembro (risas).



‘Ollos de sal’

Xoel López e Xosé Manuel Budiño colaboraron nun tema do último disco do gaiteiro moañés

FOTOGRAFÍA de JANITE



A canción chámase *Ollos de sal*, e forma parte do disco que o gaiteiro Xosé Manuel Budiño acaba de editar baixo o título *Home* (Falcatrada, 2007). A súa xestación reflicte ben a querenza de Budiño por rodearse de xente talentosa: gravado case como un *collage* de contribucións, no tema reina a voz do coruñés Xoel López, alma da case *one man band* Deluxe.

Os dous, Budiño e López, andaban buscando o momento de xuntarse para unha gravación, posto que en directo xa o teñen feito ocasionalmente. “É fácil coincidir con outros músicos galegos se pasas media vida nos escenarios, nos platós da tele... Eu xa tivera a sorte de atoparme con Budi nun par de ocasións e xa tiñamos ganas de facer algo xuntos”. A unión facilitouna Juan de Dios, gran amigo de Budiño e colaborador habitual de Xoel López.

“Apetecíame moito mesturar a xente que vén de ámbitos moi distintos e que nunca coincidiu tocando”, di Budiño, describindo o reto ao que se quixo enfrontar. Claro que o desafío apunta ben desde o principio cando eses músicos que non se coñecen entre si son o saxofonista Jorge Pardo, chegado había pouco dunha xira de dous anos coa lenda do jazz Chick Corea; o violinista Jacky Molard, un dos grandes da música bretona, “capaz de pasar meses en Romanía aprendendo dos xitanos”; o per-

cusionista Carlos Castro, de Fía na Roca; o baixista Paco Charlín; e a propia luminaria do indie rock Xoel López.

Tanto Budiño coma Xoel coinciden en que o suposto choque de estilos e procedencias non ten por que producirse. “Tan distintos non somos”, afirma o gaiteiro, “ao final a xente á que lle gusta a boa música acaba escoitando de todo”. Xoel conta que a el o que lle apetece é “explorar novos camiños”. “Sempre tiveron unha mentalidade aberta nese sentido. Budi é un músico talentoso e tirábame moito a idea de traballar con el”, confesa.

Incluso o cambio de idioma (o inglés, nos seus primeiros tempos, e o castelán agora, son as linguas que emprega principalmente) lle resultou doado ao artista coruñés: “Sentínme realmente cómodo cantando en galego, a verdade. Dalgunha maneira é algo natural, xa o fixera mil veces de neno, cos meus pais e os seus amigos, e pouco antes de gravar *Ollos de sal*

fixera unha versión de *Negra sombra*, co que o xeo xa estaba roto”.

Budiño apunta que a melodía vocal da peza, que recorda á psicodelia pop sesenteira da que vén o propio Xoel, foi composta pensando no rexistro vocal do coruñés: “Ten unha voz fantástica e particular e eu escribira a melodía téndoo en conta. Pero cando me chegou a gravación que fixo alucinei, porque aquilo encaixaba tan ben co resto da música que pensei que era imposible que toda aquela xente nunca se vira antes”.

Para acabar de cadrar o círculo de *Ollos de sal*, Xosé Manuel Budiño decidiu encargarlle a letra ao cantante, poeta e cineasta Antón Reixa. Como músico nómade militante que é, o gaiteiro de Moaña leu o texto por primeira vez vía Internet: “Recibín a letra en Tánxer, no medio dunha xira por Marrocos, e mandeilla a Xoel desde o vestíbulo do hotel”, ri.

Ao final, as pezas casaron e acabaron conformando un tema que, para a Academia de la Música española, está entre os mellores compostos en galego este ano. Resúmeo Budiño: “Cando che pasa coma min, cando saes da casa con quince anos e botas todo o ano tocando en medio mundo, aprendendo e chupando música tan distinta, coñecendo xente tan diversa, as ganas de colaborar con outros músicos éntanche soas”.

METAL GALEGO

RESISTENTES E EMERXENTES

Reducilos a unha etiqueta sería inxusto: a creatividade e a curiosidade definen aos grupos máis potentes do país

“O que pasa coa escena metal é que sempre estará aí. Pode ser dunha maneira máis underground ou como algo máis masivo, iso depende do momento, pero permanecerá, iso é seguro”. Dío Jose Barros, cantante de Dismal, unha das bandas galegas con máis quilómetros e, polo tanto, con maior coñecemento de causa. Entre a ilusión e o escepticismo, os grupos que veñen do rock máis poderoso coinciden todos en que a súa resistencia vén da militancia: en palabras de Barros, “a xente que fai este tipo de música faino porque o sente de verdade, e non porque estea de moda”.

É cuestión de militancia, pero tamén de visión de futuro: é sintomático que case ningún grupo dos que empregan guitarras ruxideiras e percusións contundentes queira verse reducido á etiqueta de “banda de metal”. Non lles falta razón: se algo comparten xente coma Heissel, os propios Dismal, Machina, El Cubo, Nao, Aphonníc e tantos outros é a curiosidade por ir máis alá do cliché.

Sobran ganas e ideas e faltan espazos e, sobre todo, focos. “En Galicia temos unha creatividade innata —afirma David Rollano, dos vigueses El Cubo, que veñen de gravar o seu segundo disco, *¿Dónde está nuestro sitio?*— e, aínda que o metal segue sendo considerado erroneamente un estilo minoritario, temos bastante sorte en canto a salas e festivais”. Menos optimista é a visión dos Heissel, unha das bandas máis traballadoras do país —no 2006 fixeron nada menos que 60 concertos, unha cifra nada des-

prezable, tendo en conta as dimensións do mercado galego—. “Circuíto non hai máis que o que hai, o da Rede Galega de Música ao Vivo”, explican vía correo electrónico, “que é o mesmo que había antes, se ben entón os grupos sempre tiñan que facer o esforzo de ir a moitos lugares a tocar incluso perdendo diñeiro. É moi difícil tocar se o que fas é especialmente ‘duro’”.

“Vexo a cousa un pouco decaída, posiblemente porque nestes momentos o rock e o metal non están tan de actualidade”, explica Jose Barros, para quen se está notando neste estilo “un baleiro bastante grande no que se refire tanto a concertos como a lanzamentos discográficos”.

O que non falta é a creatividade, aseguran. Empezando por eles mesmos: Heissel vense máis cerca do rock e ata do pop, e no seu disco de 2006, *El lugar más feliz* (Falcatruada), exploran un son próximo ao dramatismo do emo. Os Dismal levan xa anos mesturando as guitarras distorsionadas con elementos electrónicos; o seu último disco é *Neptuno* (La Fábrica de Chocolate, 2007). El Cubo, pola súa parte, descóbrese como consumidores de metal, si, pero tamén de flamenco, jazz, folk e todo o que lles pareza interesante, algo semellante ao que ocorre en Machina, onde os gustos van dos Nothink a Lavacazul, e dos clásicos Hendrix e Metallica aos contemporáneos Sigur Rós.

“En Galicia hai neste momento a mellor fornada de música emerxente da historia, algo así coma o que ocorreu nos oitenta, con moitos grupos despuntando e facen-





EL CUBO

“A ESCENA METAL SEMPRE ESTARÁ AÍ. PODE QUE SEXA DUNHA MANEIRA UNDERGROUND OU COMO ALGO MÁIS MASIVO, PERO PERMANECERÁ”, DI JOSE BARROS, DOS DISMAL

do grandes cousas dentro de diferentes estilos”, din os Heissel. “A diferenza é que é máis difícil saír pola crise do sector discográfico”, contraponen. David Rollano asegura que “grupos coma Dismal, Aphonic ou Día de Furia demostran que aquí se factura produto de calidade que nada ten que envexar ao feito fóra”. “Pero a industria, e mira que é raro falar de industria e de cultura ao tempo, está en caída libre, e as multinacionais non apostan máis que polo seguro. De todos modos, aquí temos pequenos selos, como Falcatrada, que si apoian as bandas galegas”, continúa. “Hai moitas bandas novas que empezan”, di Jose Barros, desde os seus máis de quince anos de carreira, “pero é difícil darlle unha continuidade a este traballo, e aínda máis difícil conseguir o apoio dunha discográfica. A maioría temos que optar por autofinanciar as gravacións”.



DISMAL

E iso que, segundo contan os Machina, tampouco é que os grupos galegos anden buscando contratos espectaculares: “Nós non buscamos facernos millonarios, pero si que temos que esixir un pouco de respecto polo que facemos”. “É moi difícil ser profeta na túa terra, e máis aínda cantando en galego”, explican, afirmando que, no que toca á industria musical, “en Galicia non existe, ou se existe nós non a coñecemos. Temos novas dalgúns grupos galegos de death metal editan en Alemaña, pero son casos moi concretos”.

O que falta, coinciden, son xeitos de promover o que se fai. “A repercusión é nula, fagas o estilo que fagas”, din os Heisel. “Non hai cobertura mediática porque non hai medios especializados, e os demais

danche cobertura se pagas previamente. En Galicia parece que só existen unha ducia de grupos que caen ben nos medios”, aseguran. Para Jose Barros, “está claro que a repercusión que ten en Galicia o rock é mínima, en comparación con outros estilos coma o folk. E creo que iso non é un reflexo da música do país; imaxino máis ben que todo isto é a consecuencia da nefasta herdanza que nos deixaron dezaseis anos nos que estivemos baixo un goberno conservador totalmente afastado da cultura do seu propio país”.

Os Machina veno un pouco mellor —“sendo pouca, a presenza que temos agora é maior que hai tres anos, e a radio autonómica tenta reflectir a realidade da escena”— o mesmo que David Rollano, dos

El Cubo: “Supoño que, como non facemos metal no sentido estrito, nós soamos bastante na radio, incluso en emisoras comerciais, pero iso débese á insistencia e á constancia. O noso é o traballo, amigo”.

Con todo, os vatios, os decibelios e os riffs máis suorosos sempre seguirán atraendo a xente nova, concordan. “A escena heavy metal máis clásica é a que mellor se mantén”, opinan os Machina, “só hai que saír á rúa e ver a cantidade de adolescentes cunha camiseta dos Iron Maiden”. “O metal pervive de xeito indiscutible e hai bandas de rapaces novos que non fan máis que confirmalo”, asegura David Rollano. “Sempre xorden e xurdirán novas bandas, e cada vez serán mellores”, prognostica Jose Barros.



HEISSEL

“SENDO POUCA, A PRESENZA QUE TEMOS AGORA NOS MEDIOS É MAIOR QUE HAI TRES ANOS”, DIN OS MACHINA

O LOCAL DE ENSAIO

LEÑAVERDE COMPLETA A SÚA OFERTA



UNHA SALA DE
CONCERTOS
ÚNESE AOS LO-
CAIS DE ENSAIO
DOS QUE GOZA
A MOCIDADE
DE BOIRO

Boiro abriu o pasado febreiro unha sala de concertos no Centro Social da vila, un espazo escénico que completa 1.500 metros cadrados nos que a música e a xente nova son protagonistas. Xestionado a través da asociación Leña Verde e integrado na rede da Dirección Xeral de Xuventude, inclúe tres locais de ensaio e escola de música.

Ademais dos locais, que se presentaron hai ano e medio cunha actuación de grupos locais coma Agoraphobia, Golden DX e Gaiteiros da Volta do Monte, hai salas para audiovisuais e multimedia, cos que se pretende promover a formación, a creación e a exhibición da música que se fai na zona. Leña Verde conta tamén con sistemas de distribución como o último catálogo *Leñaverde*, que inclúe música e vídeo ademais da parte gráfica e escrita.

UN DÍA CON:

CORNELIUS



1. Acabados de chegar ao local, os Cornelius toman forzas para unha longa xornada



2. Un clásico do rock: cargando a furgoneta, a cara menos glamurosa do negocio



3. Parada técnica en plena ruta: descansando sobre o capó dun Seat 127






4. Unha sesión de maquillaxe na tele



6. Na proba de son revísase todo cén veces para que nada falle ao saltar ao escenario



5. Atendendo ás preguntas durante a entrevista televisiva



8. No camerino despois do concerto, cansos, contentos... e en camiseta de tiras!



7. Despois de todo un día de ruta, o momento máxico: Cornelius ao vivo

Son un dos grupos máis traballadores do país: superando todas as expectativas dun mercado das dimensións do galego, hai tempo que os Cornelius rebanan o medio cento de actuacións anuais, con todo o que iso leva consigo: quilómetros, locais mellores e peores, entrevistas, máis quilómetros, fotos promocionais, estudos e, por se alguén non se decatara aínda, un bo feixe máis de quilómetros.

Facendo bandeira do seu xeito de entender o funk e a música negra en xeral,

mesturándoa con pop e rock e adobiándoa con graza arousá, os Cornelius editaron en 2007 o seu primeiro longa duración, titulado con descaro *Greatest hits* (Pai Música), mellor disco do ano nos premios da música dos 40 Principales vigueses.

Agora andan en tratos con Mick Glosop, enxeñeiro e produtor de xente coma Zappa, Suede ou Van Morrison, para gravar, como continuación dos seus grandes éxitos outro feixe de cancións que lles permitan seguir rodando.

A MÁQUINA DO TEMPO

ELODIO

Y LOS SERES QUERIDOS

POR ELADIO SANTOS | FOTOGRAFÍA de JANITE



“O primeiro grupo serio no que toquei formouse no ano 1988 ou 1989. Eu tiña quince anos, estaba en primeiro de BUP. Chamábase Juerga General, o típico grupo punk de finais dos oitenta, con cancións contra a mili e esas cousas. Chegamos a tocar no Porto, e enviábons cartas de toda España, e incluso desde México e Arxentina, pedíndonos a maqueta”.

“Despois chegaron os Foggy Mental Breakdown, que sacaron un EP e un LP en vinilo con Animal Records. Flípei moito con eles; duramos bastantes anos. Paralelamente, púxenme a tocar con Tony Lomba, primeiro en Los 3 Sudamaricones e logo os dous sós como Tony Lomba y Elio dos Santos. Fixemos dous discos, e xiramos por todas partes. Foi a miña época salvaxe!”

“Brandell Mosca formouse con vistas a un concurso, e gañámo-lo, gravamos o disco do premio e tocamos durante algo máis dun ano. Pero Javi Embora e mais eu xa tiñamos Medusa na cabeza. Con Medusa fichamos

con Warner-Dro e sacamos dous EP e un CD.”

“Finalmente, decidín retomar o control das cousas. Necesitaba dar saída a unha chea de cancións que tiña desde sempre e que non cadraban en ningunha parte. Animoume moita xente, e foi inevitable que formase Elodio y los Seres Queridos no verán de 2005”.

“O que máis cambiou as cousas foi a informática. Antes, gravar algo con calidade ou sacar un disco era un soño inalcanzable e tamén estabas moito máis illado. Promocionarse ou tocar era un proceso máis complicado. Estou mellor agora, porque controlo moito máis os resultados e hai moitas máis posibilidades: podes gravar na casa, aproveitar impulsos ou momentos inspirados...”

“Antes quizais había unha escena máis pequena e coñecíamo-

nos todos... Aínda que tamén nos coñecemos agora!”

“Por moi ben que vaia a cousa, é imposible tocar nun grupo que non che guste moito. Eu diría que, canto mellor vai a cousa, máis difícil é se non te convence ao cento por cento. Nunca pensei en deixar a música, pensei máis ben en que a música non me deixase a min”.

“Con Tony Lomba pasoume de todo, vivimos manifestacións, aplausos, agresións e disturbios varios”

“Estando con Medusa viaxábamos en avión para facer promoción, durmíamos en hoteis guais, movíámonos sempre en taxi, pagaban fortas e a modelo do vídeo cobraba quilo e medio. Pero ao volver á casa non tiñamos nin traballo nin quen pagase o aluguer. Ser promesa-aposta dunha multinacional durante meses e meses é un luxo que só uns poucos se poden permitir. Nós acabamos por buscarnos a vida e todo foi mellor”.

“Toquei tres veces en Castrelos. Para un vigués, tocar en Castrelos e unha cousa moi, moi seria. O máis multitudinario foi con Oasis, supoño”.

“Os concertos que recordo con máis cariño son o primeiro de Brandell Mosca e algún en La Casa de Arriba. Adoro tocar alí: estiramos as cancións e tomamos confianza porque estamos na casa. Procuro ir cada dous meses”.

“Con Tony Lomba pasoume de todo, fomos apupados e sacados a ombros no mesmo concerto. Vivimos agresións e disturbios varios. En Zaragoza convocouse unha manifestación contra o Concello, na porta do concerto, por contratar un grupo co nome de Los 3 Sudamaricones. Unha vez, no medio dun gran silencio ao final dun aplauso, subiu un can ao escenario e deitouse tranquilamente aos nosos pés; como acababamos de tocar un tema de ambiente flamenco, Tony dixo: “Escépticos de la reencarnación, aquí tenéis al Camarón”.

EN REDE

Máis de oitenta grupos e cerca de 600 actuacións conforman este ano a Rede Galega de Música ao Vivo, unha mostra do que se está a cocer nos distintos estilos musicais que se practican no país. Os que seguen son os artistas e as bandas integradas nesta programación do IGAEM e Cludtura. Para confirmar datas e horarios dos concertos pódese visitar a web www.musicaovivo.info.

A TUNA RASTAFARI

Descarga de enerxía e derroche na posta en escena, A TUNA RASTAFARI son un comando de dez mozos co espectáculo e a festa rachada por bandeira. Da canción popular galega ao corrido mexicano, estarán en Aturuxo (Bueu), Salón Parroquial (Ponteareas), Ache (Marín), Zona Zero (Caldas), Sala 600 (Melide) e Marrucho (Baiona).

Joaquín Sabina e Javier Krahe nos míticos La Mandrágora, colaborador televisivo de sona e músico polifacético coma poucos, levará a súa canción de autor a Salón Parroquial (Ponteareas), Jazz Vides (A Coruña), La Casa de Arriba (Vigo), Sala Run Rum (Ferrol), Ache (Marín), Contrabajo (Vigo), Café-Cultural Roi Xordo (Allariz), Garufa (A Coruña) e Bar Liceum (O Porriño).

ALEGALES

Atacando o rock sen complexos, ALEGALES farán versións en galego do mítico grupo asturiano Ilegales en Pub Leblon (Pontecaldelas), Vagalume (Salvaterra de Miño), Sala 600 (Melide), Aturuxo (Bueu), O Con do Moucho (A Illa de Arousa), Ache (Marín), A Fragua (Redondela), Auriense Café Cultural (Ourense) e Pub Gatos (Melide).



ATAQUE ESCAMPE

ÁLVARO VIEITO

Nos concertos de ÁLVARO VIEITO, os discursos musicais e a interacción entre os músicos fan que se produzan verdadeiras conversacións musicais nas que o público pode gozar dun acontecemento creativo único. Estará en Jazz Filloa (A Coruña), Pub O Muíño (Cervo), Borriquita de Belén (Santiago de Compostela), Bar Liceum (O Porriño), Jazz Vides (A Coruña), Badulake (Ordes), La Galería (Vigo), Micos (Cariño), Auriense Café Cultural (Ourense) e Contrabajo (Vigo).

myspace.com/alvarovieito

en Clavicémbalo (Lugo), Aturuxo (Bueu), Pub Gatos (Melide), Vagalume (Salvaterra), A Fragua (Redondela), Zona Zero (Caldas de Reis) e Micos (Cariño).

www.avelaina.com

BALANDRAKA

O grupo de folk actuará en Sala Run Rum (Ferrol), Auriense Café Cultural (Ourense), Micos (Cariño), Disco-Sala Ogmio (Cariño), Café-Cultural Roi Xordo (Allariz) e Jazz Vides (A Coruña).

www.myspace.com/balakandra

BRUNO T. FORD

Concerto acústico a base de temas propios e clásicos do rock and roll e o country a cargo de BRUNO T. FORD,



ÁLVARO MURAS

AGUARDIENTE SWING QUARTET



AGUARDIENTE SWING QUARTET

Tres guitarras acústicas, contrabaixo e voz para recrear á perfección o ambiente dos antigos clubes de jazz, AGUARDIENTE SWING QUARTET estarán en Clavicémbalo (Lugo), Manteca Jazz (Vigo), Jazz Vides (A Coruña), Verbum Jazz (Vigo), Café-Cultural Roi Xordo (Allariz), Contrabajo (Vigo) e Jazz Filloa (A Coruña).

www.aguardienteswing.com

ALBERTO PÉREZ

ALBERTO PÉREZ, compañeiro de

ÁLVARO MURAS

ÁLVARO MURAS presta a súa habilidade ao baixo eléctrico para facer música de estilo funk fusión instrumental. Dentro da Rede de Música Ao Vivo ofrecerá concertos en A Fragua (Redondela), Pub O Muíño (Cervo), Borriquita de Belén (Santiago de Compostela), Pub Leblon (Pontecaldelas), Contrabajo (Vigo), Marrucho (Baiona), Salón Parroquial (Ponteareas), Micos (Cariño), La Galería (Vigo), Auriense Café Cultural (Ourense), Pub d'Antón (A Laracha) e Zona Zero (Caldas).

www.alvaromuras.com/

o líder da banda alemana Río Bravo, en Pub Gatos (Melide), Sala Karma (Pontevedra), Garufa (A Coruña), Woodstock (Portonovo), Roi Xordo (Allariz), El Ensanche (Vigo), Náutico (O Grove), Marrucho (Baiona) e O Con do Moucho (A Illa).

BUKOWSKI BLUES TRIO?

Fan blues? Son un trío? O repertorio de BUKOWSKI BLUES TRIO? inclúe versión de Hendrix, Cream, Stevie Ray Vaughan ou Ray Charles, que soarán en Zona Zero (Caldas de Reis), Clavicémbalo (Lugo), A Fragua (Redondela), Contrabajo (Vigo), Sala Mogay (Chantada), Clandestino (Nigrán), Verbum Jazz (Vigo), Sala Clan (Xinzo), Sala Run Rum (Ferrol), Baranda (O Barco), La Casa de Arriba (Vigo), Aturuxo (Bueu) e El Otro Caimán (Monforte).

www.bukowskitrio.com



CAPITÁN FURILO

CAPITÁN FURILO son un grupo de históricos do rock en galego que presentan agora o seu novo disco, baixo influencias que van dos Resentidos aos Rolling Stones pasando por Inmaculate Fools ou O caiman do Río Tea. Estarán en Salón Parroquial (Ponteareas), Pub Gatos (Melide), La Iguana (Vigo), Contrabajo (Vigo), Planeta (Sarria), Vagalume (Salvaterra),

La Fábrica de Chocolate (Vigo), Pub d'Antón (A Laracha) e SalaSon (Cangas).

www.myspace.com/capitanfurilo

CARLOS CHILDE

Influenciado principalmente polo blues tradicional e o swing, CARLOS CHILDE segue percorrendo coa súa proposta salas e pubs como SalaSon (Cangas), Garufa (A Coruña), Clandestino (Nigrán), Disco-Sala Ogmios (Cariño), Vagalume (Salvaterra), Ache (Marín) e El Otro Caimán (Monforte).

www.carloschilde.com

CARLOS LÓPEZ

O cuarteto que comanda o batería galego CARLOS LÓPEZ sorprende pola destreza e imaxinación dos seus membros, dos que cabe destacar a súa xuventude. O seu jazz de autor chegará a Casa das Crechas (Santiago de Compostela), Jazz Filloa (A Coruña), Verbum Jazz (Vigo), La Galería (Vigo), Aturuxo (Bueu), Borriquita de Belén (Santiago de Compostela), Jazz Vides (A Coruña) e Manteca Jazz (Vigo).

www.carloslopez.info

CARMEN DOR

Interpretación dos temas dos discos da cantante CARMEN DOR e algunha versión dos seus temas favoritos dentro da música galega e portuguesa, en Bar Liceum (Porriño), Café-Cultural Roi Xordo (Allariz), Clavicémbalo (Lugo), Casa das Crechas (Santiago de Compostela) e Catro Camiños (A Rúa).

www.carmendor.com

COANHADEIRA

COANHADEIRA ofrecen música en galego entre a tradición e as escollas

máis persoais, e visitarán Micos (Cariño), A Fragua (Redondela), Catro Camiños (A Rúa), Pub O Muíño (Cervo), Auriense Café Cultural (Ourense), Café-Cultural Roi Xordo (Allariz) e Aturuxo (Bueu).

www.coanhadeira.com

COLECTIVOORUGA

O que comezara sendo un proxecto exclusivamente musical mutou nunha sorte de grupo con intención artística que non só utiliza o son para expresarse. Isto vese reflexado



en Ricos Modernos, o disco que COLECTIVOORUGA presentará en Marrucho (Baiona), Zona Zero (Caldas), La Iguana (Vigo), Aturuxo (Bueu) e Salón Parroquial (Ponteareas).

www.myspace.com/colectivooruga

COOL BEAT

COOL BEAT buscan conseguir un son persoal a través da fusión de influencias afroamericanas e europeas. Recrearán clásicos en El Ensanche (Vigo), Jazz Filloa (A Coruña), Verbum Jazz (Vigo), Náutico (O Grove), Jazz Vides (A Coruña) e Clavicémbalo (Lugo).

CORNELIUS

CORNELIUS atópanse no medio dunha extensa xira coa que promocionan o seu agardado primeiro disco. Estarán en Sala 600 (Melide), El Ensanche (Vigo), Sala Run Rum (Ferrol), Sala Karma (Pontevedra), Auriense Café Cultural (Ourense), Clandestino (Nigrán), Pub d'Antón (A Laracha), Woodstock (Portonovo), Forum Celticum (Culleredo), Baranda (O Barco), La Iguana (Vigo), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Salón Parroquial (Ponteareas) e Náutico (O Grove).

www.myspace.com/corneliusrock

DÉTOUR

Cun repertorio de temas propios con letras en galego e melodías etiquetadas como jazz de confianza DÉTOUR estarán en Marrucho (Baiona), La Galería (Vigo), La Casa de Arriba (Vigo), Verbum Jazz (Vigo), Jazz Vides (A Coruña) e Contrabajo (Vigo).

www.myspace.com/detour

DÍA DE FURIA

DÍA DE FURIA fan un rock directo, pegadizo que sabe beber de moitas



influencias para realizar un estilo persoal, dende hardcore e metal ao grunge ou rock alternativo. Tocarán en SalaSon (Cangas do Morrazo), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Aturuxo (Bueu) e A Fragua (Redondela).

www.myspace.com/diadefuria

DIEGO MASSIMINI

O argentino DIEGO MASSIMINI interpretará cancións propias e temas da



música latinoamericana en Casa das Crechas (Santiago de Compostela), Jazz Vides (A Coruña), Borriquita de Belén (Santiago de Compostela), O Con do Moucho (A Illa de Arousa) e Pub O Muíño (Cervo).

www.diegomassimini.com

DISMAL

Cun directo cargado de principio a fin de sentimentos que van da dor ao medo pasando pola nostalgia e o recordo, DISMAL ofrecerán riffs tensos e letras con forza en La Fábrica de Chocolate (Vigo), Pub Gatos (Melide), Sala Karma (Pontevedra) e Zona Zero (Caldas).

www.dismal.es

DOCTOR HARAPOS

Doctor Harapos interpretarán os seus ritmos hipnóticos, letras corrosivas e sons distorsionados en Pub Gatos (Melide), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Clavicémbalo (Lugo), Contrabajo (Vigo), Marrucho (Baiona) e Clandestino (Nigrán).

www.doctorharapos.com

DORIAN GRAY

Un estilo de música único, debido á cantidade de influencias que o forman, é o que ofrecerán DORIAN GRAY en A Fragua (Redondela), Pub Leblon (Pontecaldelas), Marrucho (Baiona), Zona Zero (Caldas), Clavicémbalo (Lugo), La Galería (Vigo), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Contrabajo (Vigo), La Casa de Arriba (Vigo), Micos (Cariño), SalaSon (Cangas) e O Muíño (Cervo).

www.myspace.com/doriangrayvigo

EMMA PLACER



EDU MANAZAS

EDU MANAZAS, un dos mellores bluesman da volta, e o seu grupo recrean temas de compositores da talla de Muddy Waters, Willie Dixon,



FEDERICO LECHNER TANGO&JAZZ TRÍO

Magic Sam ou B.B. King, ademais de composicións propias en Contrabajo (Vigo), Aturuxo (Bueu), Ache (Marín), O Con do Moucho (A Illa de Arousa) e A Fragua (Redondela).

myspace.com/edumanazaswhiskeytren

EL CUBO

EL CUBO é unha banda de rock con formación clásica que aborda outros estilos parellos como o metal e o pop rock. Todo tipo de expresión artística cabe en directos coma os que levarán a cabo en Sala Mogay (Chantada), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Bar Liceum (O Porriño), Pub Gatos (Melide), Aturuxo (Bueu), A Fragua (Redondela), Micos (Cariño) e Salón Parroquial (Ponteareas).

www.elcuboweb.com

ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS

Histórico da escena viguesa e creador incansable de pequenos hits independentes, ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS vén de publicar un disco, *Esto que tienes delante*, que presentará en La Fábrica de Chocolate (Vigo), Sala Clan (Xinzo), La Casa de Arriba (Vigo) e Contrabajo (Vigo).

myspace.com/elodioylosseresqueridos

EMMA PLACER

EMMA PLACER factura un pop rock moi variado, con temas propios cantados en castelán e en galego que van dende o máis melódico á implicación social. A súa voz soará en La Fábrica de Chocolate (Vigo), Pub Le-

blon (Pontecaldelas), Pub d'Antón (A Laracha), Baranda (O Barco), Micos (Cariño), A Fragua (Redondela), Sala Run Rum (Ferrol), Salón Parroquial (Ponteareas), SalaSon (Cangas), El Otro Caimán (Monforte) e Marrucho (Baiona).

www.emmaplacer.com

FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK

Un espectáculo musical no que a crítica social e a música se dan a man, un cabaré irreverente para o século XXI dos FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK BROTHERS soará en Ache (Marín), Contrabajo (Vigo), Vagalume (Salvaterra), Jazz Vides (A Coruña), Náutico (O Grove), Marrucho (Baiona), Badulake (Ordes) e Garufa (A Coruña).

www.fabulososcubatas.com



FERNANDO ESCLUSA

FEDERICO LECHNER TANGO&JAZZ TRÍO

FEDERICO LECHNER TANGO&JAZZ TRÍO combina dous mundos para recrear clásicos e temas orixinais con sabor e improvisación. Actuará en Jazz Vides (A Coruña), Clavicémbalo (Lugo), Manteca Jazz (Vigo) e Aturuxo (Bueu).

www.federicolechner.com

FERNANDO ESCLUSA

FERNANDO ESCLUSA, ex guitarrista dos coruñeses Guru Deva, repasará os temas máis salientables das súas anteriores formacións, así como cancións clásicas do pop e rock anglosaxón en Vagalume (Salvaterra de Miño), Baranda (O Barco de Valdeorras), La Casa de Arriba (Vigo), Planeta (Sarria), Garufa (A Coruña), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Pub O Muíño (Cervo), Marrucho (Baiona), Pub Leblon (Pontecaldelas), Micos (Cariño), Pub Gatos (Melide), O Con do Moucho (A Illa de Arousa) e Salón Parroquial (Ponteareas).

GRASA

Pinceladas de funk, blues e bossa nova conforman a oferta de GRASA para Baranda (O Barco), Salón Parroquial (Ponteareas), Badulake (Ordes), A Fragua (Redondela), Pub Gatos (Melide), Micos (Cariño), SalaSon (Cangas), Garufa (A Coruña), Marrucho (Baiona) e Pub d'Antón (A Laracha).

www.grasa.tv

GUSTAVO ALMEIDA

Actuará en Pub O Muíño (Cervo), El Ensanche (Vigo), Badulake (Ordes), Forum Celticum (Culleredo), Sala Karma (Pontevedra), Pub Leblon (Pontecaldelas).

www.gustavoalmeida.com

HEISSEL

O espectáculo psicodelico, no que ademais da música pop hai teatro, animacions e imaxes, de HEISSEL poderase ver en La Fábrica de Chocolate (Vigo), Sala Mogay (Chantada), Disco-Sala Ogmios (Cariño), Pub Gatos (Melide), O Con do Moucho (A Illa de Arousa), Woodstock (Portonovo), Aturuxo (Bueu), Pub d'Antón (A Laracha), Zona Zero (Caldas) e Salón Parroquial (Ponteareas).

www.heisselweb.com

HOLYWATER

Guitarras envolventes, acompañadas dunha potente base, melodías e unha voz capaz de afondar nos sentimentos ata emocionar conforman

trabaio. Estarán en Garufa (A Coruña), Jazz Vides (A Coruña), Verbum Jazz (Vigo), Jazz Filloa (A Coruña) e Café-Cultural Roi Xordo (Allariz).

www.guillermolancelotti.com

IGLOO

IGLOO conseguiron, a basde de guitarras contundentes, sons electrónicos e melodías pop cantadas en castelán, ser un dos grupos indies máis recoñecidos en todo o Estado. Actuarán en Zona Zero (Caldas), Planeta (Sarria), O Con do Moucho (A Illa de Arousa), La Casa de Arriba (Vigo), Baranda (O Barco), La Iguana (Vigo), Sala Karma (Pontevedra) e El Otro Caimán (Monforte).

www.igloo.name

IVÁN Y JOSITO

O dúo lugués composto por IVÁN & JOSITO combinará canción protesta con letras de amor e humor en Sala Mogay (Chantada), Babel (Lugo), Pub O Muíño (Cervo), Ache (Marín) e Café-Cultural Roi Xordo (Allariz).

www.ivanyjosito.com



IGLOO

JASO & BOO JAZZ PERFORMANCE

JASO & BOO JAZZ PERFORMANCE adapta clásicos de estilo crooner e temas compostos por grandes como Gerswin, Mancini ou Duke Ellington en Micos (Cariño), Clavicémbalo (Lugo), Badulake (Ordes), A Fragua (Redondela), El Ensanche (Vigo), Jazz Filloa (A Coruña), Café Cultural Roi Xordo (Allariz) e Manteca Jazz (Vigo).

www.myspace.com/jasoboo

narios, convertéronse nun dos grupos indies máis valorados en todo o Estado e parte de Europa, algo que demostrarán en La Casa de Arriba (Vigo), Baranda (O Barco), Sala Clan (Xinzo), Pub d'Antón (A Laracha), O Con do Moucho (A Illa de Arousa), Pub Leblon (Pontecaldelas), Planeta (Sarria) e Sala Karma (Pontevedra).

www.myspace.com/jugoplastika

KIN GARCÍA TRÍO

Música relaxada, distendida, con composicións autobiográficas que describen o contorno natural que rodea a KIN GARCÍA, todo un clásico do jazz galego. En Borriquita de Belén (Santiago), Auriense Café Cultural (Ourense), Casa das Crechas (Santiago de Compostela), Jazz Filloa (A Coruña), Manteca Jazz (Vigo), Café Cultural Roi Xordo (Allariz) e Jazz Vides (A Coruña).

www.abada.es

KOGITO

KOGITO fan un variado e divertido directo repleto de ska, punk-rock, reggae e mestizaxe, letras desenfadadas, certo ton de protesta, ritmos latinos cheos de percusión e melodías pegadizas. Tocarán en Pub Gatos (Melide), Bar Liceum (O Porriño), Pub d'Antón (A Laracha), Sala 600 (Melide), Vagalume (Salvaterra) e Auriense Café Cultural (Ourense).

www.myspace.com/kogito

LE PUNK

Formados a finais do ano 2000, LE PUNK viven nun mundo que cabe nun bar: demasiado fume, rímel nos ollos, un piano negro, luces tenues, swing, tango e casticismo canalla. Piden que non lle disparen ao pianista en Pub d'Antón (A Laracha), Sala Clan (Xinzo), El Otro Caimán (Monforte), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Baranda (O Barco) e Náutico (O Grove).

www.le-punk.com

JATO NEJRO JAZZ TRÍO

JATO NEJRO JAZZ TRÍO interpretará temas propios e estándares de jazz en Contrabajo (Vigo), La Galería (Vigo), Clavicémbalo (Lugo) e Manteca Jazz (Vigo).

JUGOPLASTIKA

JUGOPLASTIKA transforman o ruído en sentimentos a base de ritmos psicodélicos sólidos e guitarras añaadas. Despois de traballarse moitos esce-

JABÓN BLUE

Con JABÓN BLUE, o cantante de Heredeiros da Crus emprende camiño en solitario, e faino acompañado dunha banda de músicos dun nivel impresionante perfectamente engraxados. Rock de toda a vida, cánticos garantidos e actitude que se mesturarán nos concertos de Pub d'Antón (A Laracha), Forum Celticum (Culleredo), Pub Gatos (Melide) e Baranda (O Barco).

www.jabonblue.com

a aposta de HOLYWATER para Babel (Lugo), Sala Clan (Xinzo), El Otro Caimán (Monforte), Planeta (Sarria), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Pub Gatos (Melide), Baranda (O Barco) e Sala Karma (Pontevedra).

www.holywaterweb.com

HOT3 sss

HOT3 sss afondan nas raíces do jazz tradicional ou do hot jazz de Nova Orleáns con trompeta, banjo e con-



HOLYWATER

LITTLE ALBERT BOOGIE BAND

LITTLE ALBERT BOOGIE BAND parte do rythm and blues e achega todos os seus anos de experiencia para mesturar temas propios e versións. Estarán en Clandestino (Nigrán), Jazz Vides (A Coruña), Pub Leblon (Pontecaldelas), Micos (Cariño), Zona Zero (Caldas), Contrabajo (Vigo), A Fragua (Redondela) e Pub O Muíño (Cervo). www.littlealbertboogieband.com

LOS CASANOVAS

LOS CASANOVAS farán versións de rock pasadas polo seu filtro, dos Kinks aos Stones e Chuck Berry, en Sala Karma (Pontevedra), El Ensanche (Vigo), Salón Parroquial (Pontearreas), Pub d'Antón (A Laracha), Náutico (O Grove), Zona Zero (Caldas), Woodstock (Portonovo), Vagalume (Salvaterra) e Pub Gatos (Melide). www.myspace.com/loscasanovas

LOS HIGH SIERRAS

Rock and roll con influencias do blues e do punk, con especial coitado das harmonías vocais é o que ofrecerán LOS HIGH SIERRAS en Sala Clan (Xinzo), La Casa de Arriba (Vigo), La Fábrica de Chocolate (Vigo), SalaSon (Cangas), Woodstock (Portonovo), Clandestino (Nigrán), Zona Zero (Caldas), Marrucho (Baiona), La Iguana (Vigo) e Pub Gatos (Melide). www.loshighsierras.com

MACHINA

MACHINA empregan sempre o galego como fonte de expresión en



MAMA BOOGIE

MAMA BOOGIE queren recuperar os antigos formatos de bandas de funk ao completo, con case unha big band de músicos que perseguen o baile e a interacción dos espectadores. Farán suar o público de Pub Gatos (Melide), Woodstock (Portonovo), Forum Celticum (Culleredo), Sala 600 (Melide), Náutico (O Grove), El Ensanche (Vigo), Sala Karma (Pontevedra), Clavicémbalo (Lugo) e Aturuxo (Bueu). www.elnautico.org/mamaboogie

MARCOS MELÉNDREZ Y GASTÓN RODRÍGUEZ TANGO BAR

MARCOS MELÉNDREZ Y GASTÓN

MIKI NERVIO & THE BLUESMAKERS

Banda mítica dentro do panorama musical galego, MIKI NERVIO & THE BLUESMAKERS levan desde o ano 92 gañando a pulso o cariño, o respecto e a admiración do público. Despois de quince anos de andadura, actúan en Sala Run Rum (Ferrol), Forum Celticum (Culleredo), Café Cultural Roi Xordo (Allariz), Clandestino (Nigrán), Ache (Marín), Babel (Lugo) e Pub d'Antón Rock Café (A Laracha). www.mikinerbio.com

MITOCONDRIAS

MITOCONDRIAS fan rock enerxético e vitamínico, cantado en galego, castelán e inglés. Interpretado co poder do trío e as melodías da harmonía de blues de Mr. Gary Kupa, o seu repertorio soará en Sala Clan (Xinzo), Baranda (O Barco), Pub Gatos (Melide), Clavicémbalo (Lugo) e Auriense Café Cultural (Ourense). www.mitocondrias.net

MOONDOGS BLUES PARTY

A música de MOONDOGS BLUES PARTY é unha busca constante, un camiñar sen cesar, trens que se perden e amores que non voltarán, o paso pola vida, pola sociedade, o sexo, o pacto co mal, a morte, a escravitude... Estarán actuado dentro da Rede en Sala Mogay (Chantada), Catro Camiños (A Rúa), Micos (Cariño), Pub O Muíño (Cervo), Sala Run Rum (Ferrol), Jazz Vides (A Coruña) e El Otro Caimán (Monforte). www.moondogsbluesparty.tk

MR. DIXIE JAZZ BAND

MR. DIXIE JAZZ BAND é una banda entregada a un estilo netamente Dixieland Chicago dos anos trinta e corenta, jazz de raíces afroamericanas que poderá escoitarse en Jazz Vides (A Coruña), Clandestino (Nigrán), Aturuxo (Bueu), Verbum Jazz (Vigo), El Ensanche (Vigo), Manteca Jazz (Vigo), Babel (Lugo) e Catro Camiños (A Rúa).

NIÑO Y PISTOLA

Este pequeno gran grupo galego que só toca con guitarras acústicas é probablemente a gran sensación dos últimos tempos. Co seu novo disco, *Culebra*, debaixo do brazo, NIÑO Y PISTOLA pasarán o seu pop de aristas perfectas por SalaSon (Cangas), Pub d'Antón (A Laracha), La Casa de Arriba (Vigo), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Woodstock (Portonovo), Planeta (Sarria), Catro Camiños (A Rúa), Marrucho (Baiona), Sala Karma (Pontevedra) e Disco-Sala Ogmios (Cariño). www.ypistoia.com

NORGE BATISTA

O repertorio baseado na troba cubana de NORGE BATISTA, que vai da troba tradicional á nova e á novísima e inclúe varios temas propios, soará en Pub Leblon (Pontecaldelas), Casa das Crechas (Santiago de Compostela), Pub O Muíño (Cervo), Aturuxo (Bueu), Auriense Café Cultural (Ourense), Borriquita de Belén (Santiago de Compostela) e Bar Liceum (O Porriño). www.norgebatista.com



cancións poderosas e contundentes que se poderían etiquetar como emo-core. A súa música soará en Badulake (Ordes), Pub d'Antón (A Laracha), Aturuxo (Bueu) e Pub Gatos (Melide). www.myspace.com/machinagz

RODRÍGUEZ TANGO BAR revisarán tangos clásicos, con toda a súa forza e sinceridade, en Garufa (A Coruña), Forum Celticum (Culleredo), Jazz Vides (A Coruña), Planeta (Sarria), Clavicémbalo (Lugo), Bar Liceum (O Porriño) e Pub Leblon (Pontecaldelas).

O LEO I ARREMECÁGHONA!

O trobador punk O LEO I ARREMECÁGHONA! mestura o teatro e diversas músicas para buscar o sorriso cómplice cunhas letras moi coidadas, que fan que o público reflexione ao tempo que se ri. Sairá vestido de faralaes en *La Casa de Arriba* (Vigo), *Sala Mogay* (Chantada), *O Con do Moucho* (A Illa de Arousa), *La Fábrica de Chocolate* (Vigo), *Salón Parroquial* (Ponteareas), *Pub O Muíño* (Cervo) e *Pub d'Antón* (A Laracha).

arremecaghona.blogspot.com

O SONORO MAXÍN

O SONORO MAXÍN parte da convicción de que a cumbia é a soberana absoluta das verbenas, a que converte o torreiro da festa nun baile tropical onde cada un manda na súa forma de bailar. Tentarán probalo en *Sala Clan* (Xinzo), *Sala 600* (Melide), *Clavicémbalo* (Lugo), *Aturuxo* (Bueu), *Bar Liceum* (O Porriño), *Babel* (Lugo) e *Auriense Café Cultural* (Ourense).

www.myspace.com/osonoromaxin



PACÍFICO

Toques de emo-pop e letras en castelán que tentan chegar ao máis fondo, música non apta para persoas de sensibilidade reducida é o que ofrecen PACÍFICO, que tocarán en *La Casa de Arriba* (Vigo), *Zona Zero* (Caldas), *La Fábrica de Chocolate* (Vigo), *Sala Clan* (Xinzo), *El Ensanche* (Vigo), *Pub Gatos* (Melide), *Sala Mogay* (Chantada), *Marrucho* (Baiona) e *Catro Camiños* (A Rúa).

www.myspace.com/sonidopacifico

PEPA E DAVIDE & MADAME CELL

Dúas voces temperamentais que seguen un camiño paralelo: a busca da beleza. PEPA E DAVIDE & MADAME CELL propóñense facer bailar ao público de *Babel* (Lugo), *Sala Run*



PACÍFICO

Rum (Ferrol), *Auriense Café Cultural* (Ourense), *Clavicémbalo* (Lugo), *Aturuxo* (Bueu), *Casa das Crechas* (Santiago de Compostela) e *Bar Liceum* (O Porriño).

RENATO SPENCER & CAFÉ CAXACA

RENATO SPENCER & CAFÉ CAXACA céntranse nos ritmos da tradición musical do Brasil, os que represen-

SAMUEL LEVI

O vigués SAMUEL LEVI dará conta da súa canción de autor en *La Casa de Arriba* (Vigo), *La Fábrica de Chocolate* (Vigo), *Pub O Muíño* (Cervo) e *Micos* (Cariño).

www.myspace.com/samuelelevi

SAX MACHINE

O repertorio de SAX MACHINE está composto por un feixe de temas que abranguen o pop, o funk e os estándares tratados sempre dende unha óptica próxima ao jazz. Ofrecerán a súa música en *La Fábrica de Chocolate* (Vigo), *Pub Leblon* (Pontecaldelas), *A Fragua* (Redondela), *Contrabajo* (Vigo), *Verbum Jazz* (Vigo), *Woodstock* (Portonovo), *Clavicémbalo* (Lugo), *La Casa de Arriba* (Vigo), *Zona Zero* (Caldas de Reis), *Jazz Vides* (A Coruña), *Micos* (Cariño) e *Clandestino* (Nigrán).

STEREOTIPOS

As cancións de STEREOTIPOS apostan polo pop rock clásico e de factura impecable, con letras melancólicas e retrousos redondos que se poderán degustar e cantar en *Aturuxo* (Bueu), *SalaSon* (Cangas do Morrazo), *Sala Mogay* (Chantada), *Woodstock* (Portonovo), *Náutico* (O Grove) e *El Ensanche* (Vigo).

www.stereotipos.net

SUMRRÁ

Piano, contrabaixo e batería. Con eses tres elementos e a súa increíble capacidade de improvisación, Manuel Gutiérrez, Xacobe Martínez Antelo e Lar Legido forman SUMRRÁ, un dos mellores combos de jazz do país. Dentro da Rede Galega de Música ao Vivo estarán en *La Galería* (Vigo), *Borriquita de Belén* (Santiago de Compostela), *Manteca Jazz* (Vigo) e *Clavicémbalo* (Lugo).

www.sumrra.com

SWEET OBLIVION BAND

SWEET OBLIVION BAND son unha viaxe no tempo aos anos noventa, unha volta ao mellor grunge, lembrando a míticos grupos coma Pearl Jam, Blind Melon ou SoundGarden. Soarán en *La Iguana* (Vigo), *Aturuxo* (Bueu), *Sala 600* (Melide), *Sala Run Rum* (Ferrol), *Sala Mogay* (Chantada), *Micos* (Cariño) e *A Fragua* (Redondela).

www.myspace.com/sweetoblivionband

SWINGPOOL

SWINGPOOL fan temas orixinais en inglés e galego e revistan estándares de jazz en *Auriense Café Cultural* (Ourense), *Casa das Crechas* (Santiago de Compostela), *Jazz Vides* (A Coruña), *Woodstock* (Portonovo), *Sala Run Rum* (Ferrol), *Borriquita de Belén* (Santiago de Compostela) e *Náutico* (O Grove).

TANGATA

TANGATA orienta o seu repertorio polas diversas formas coas que se presenta o tango na actualidade. Actuarán a través da Rede Galega de Música ao Vivo en *El Ensanche* (Vigo), *Café-Cultural Roi Xordo* (Allariz), *Clavicémbalo* (Lugo), *Borriquita de Belén* (Santiago de Compostela), *Náutico* (O Grove), *Jazz Vides* (A Coruña) e *Bar Liceum* (O Porriño).

THE BLOWS

The Blows están de estrea con *Up-skirts* (Pupilo Records/PopStock, 2008), once temas directos e urxentes, destinados á pista de baile e ao directo máis salvaxe, que sorprenden pola súa espontaneidade e a forza da súa proposta. *La Iguana* (Vigo), *Catro Camiños* (A Rúa), *Zona Zero* (Caldas de Reis), *Babel* (Lugo), *Sala Karma* (Pontevedra), *Pub d'Antón Rock Café* (A Laracha), *Sala Mogay* (Chantada),

Fábrica de Chocolate (Vigo), Woodstock (Portonovo), Planeta (Sarria).
www.myspace.com/theblows

THE TURRE'S BAND

THE TURRE'S BAND contan cunha formación parecida á das fanfarra dos países balcánicos. Os seus ritmos, que mesturan ventos e percusión para facer festa, soarán en Clavicémbalo (Lugo), Sala 600 (Melide), Marrucho (Baiona), Aturuxo (Bueu), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Vagalume (Salvaterra), Disco-Sala Ogmios (Cariño) e Bar Liceum (O Porriño).
www.turresband.com

TON MARTÍNEZ

TON MARTÍNEZ-RISCO / JACOBO DE MIGUEL D'O exploran a música de

reggae, sen deixar de lado outras influencias que dan o toque especial á mestura, coma o soul e a música negra americana. Actuarán en Aturuxo (Bueu), Clavicémbalo (Lugo), La Fábrica de Chocolate (Vigo), Salón Parroquial (Ponteareas), La Iguana (Vigo) e Vagalume (Salvaterra de Miño).

www.transilvanians.com

Ú-LO TRÍO

A guitarra flamenca, xunto con algúns dos paus que compoñen este xénero, convértese no eixo que cohesiona as distintas contribucións dos tres compoñentes da banda Ú-LO TRÍO, mestres do jazz galego. Esta nova aposta musical poderase ver en Babel (Lugo), Borriquita de Belén (Santiago de Compostela), Bar



THE TURRE'S BAND

VETUSTA MORLA

VETUSTA MORLA queren que a formación clásica de rock non soe como tal e por iso prefiren buscalles as voltas aos sons e ás letras en castelán dentro dos patróns do pop anglosaxón. Estarán en La Fábrica de Chocolate (Vigo), Pub Gatos (Melide), SalaSon (Cangas), Pub d'Antón (A Laracha), Marrucho (Baiona) e Aturuxo (Bueu).

www.vetustamorla.com

VOZES DA RÁDIO

VOZES DA RÁDIO son un quinteto vocal formado en 1991 na cidade do Porto e cunha firme traxectoria polos países lusófonos. A música a capella, onde o humor é parte importante, centra un repertorio moi variado, que navega entre o propio e o internacional, que soará no Bar Liceum (O Porriño) Café Cultural Roi Xordo (Allariz), Casa das Crechas (Santiago de Compostela), Jazz Vides (A Coruña), Auriense Café Cultural (Ourense), Aturuxo (Bueu) e Clavicémbalo (Lugo).

Liceum (O Porriño), Clavicémbalo (Lugo), A Fragua (Redondela), La Galería (Vigo), Casa das Crechas (Santiago de Compostela) e Jazz Vides (A Coruña).

ulotrio.blogspot.com

WE ARE BALBOA

Os madriños WE ARE BALBOA acaban de editar o seu debut internacional, *Space Between Bodies*, doce temas cheos do son potente e elegante das súas guitarras que soarán en Pub d'Antón (A Laracha), La Casa de Arriba (Vigo), Badulake (Ordes), La Fábrica de Chocolate (Vigo) e Baranda (O Barco).

www.myspace.com/wearebalboa

ZÈNZAR

A proposta musical dos veteranos ZÈNZAR céntrase nun repaso polo seu extenso repertorio, baseado sobre todo no seu último traballo, *Sigue... e dálle*. Cunha das carreiras máis longas entre os grupos do país apoiando os seus directos, a súa contundencia, que non deixa indiferente a ninguén, segue intacta, e así soará en Badulake (Ordes), A Fragua (Redondela), Baranda (O Barco), Pub d'Antón (A Laracha) e Pub Gatos (Melide).

www.zenar.info

cámara jazzística nunha formación tan sinxela como particular, que sorprende pola ampla gama de matices que acada en directos coma os que levarán a cabo en Jazz Vides (A Coruña), Woodstock (Portonovo), Jazz Filloa (A Coruña), Clavicémbalo (Lugo), Náutico (O Grove) e Contrabajo (Vigo).

TONHITO DE POI


A historia comeza con Heredeiros da Crus, continúa coa Banda de Poi e agora segue adiante co incombustible TONHITO DE POI, acompañado de tres músicos ou só cunha acústica, disposto a armar a festa ata que abra o día en Pub d'Antón (A Laracha), Auriense Café Cultural (Ourense), Disco-Sala Ogmios (Cariño), Vagalume (Salvaterra), Salón Parroquial (Ponteareas) e Pub O Muíño (Cervo).

TRANSILVANIANS

Devotos confesos da música tradicional xamaicana, os TRANSILVANIANS móvense entre estilos tórridos e tropicais coma o ska, o rocksteady ou o



WE ARE BALBOA



SAMESUGAS, ENSAIANDO NA CASA XURÁSICA

Verán de 1993. Catro entusiastas da música de apenas dezaseis anos quedan ás catro da tarde na compostelá praza do Toural. Por diante teñen un longo camiño até o local de ensaio, un galpón adxacente á casa do baixista en Picaños, máis alá de Sar. O traxecto, aínda que longo de por si, sería un fermoso paseo cara ao rural compostelán de non ser por un incómodo detalle: teñen que levar os instrumentos con eles.

E non só as guitarras, o baixo e os pratos, tamén os amplificadores porque a humidade que hai no “local de ensaio” deixaría os circuítos fóra de combate cun par de noites que pasasen nel. Tras dúas horas facendo versións dos Ramones e probando algún tema propio collen de novo o camiño a casa, de novo carrexando co pesado equipo para o que tanto tempo lles levou aforrar. Un ritual de paixón e maniotas que repiten tres días por semana co moi ambicioso obxectivo de poder tocar nalgún pub da cidade. Un concerto que terán que

amplificar eles mesmos, que durará até que algún amábel veciño chame á policía e do que, por suposto, non sacarán un peso, con sorte unhas cervexas de balde.

Algún daqueles catro rapaces -o que escribe, en concreto- segue a facer música coa mesma paixón tres lustros despois e, vendo o moito que teñen mudado as cousas nos últimos anos, non pode máis que renegar da época que lle tocou vivir e morrer de envexa dos novos grupos que comezan. Cousas como a Rede Galega de Locais de Ensaio non existían máis que nos soños húmidos dos adolescentes melómanos dos 90.

Poder acceder gratuitamente a un local de ensaio acondicionado e insonorizado, co seu propio equipo de voces, batería, amplificadores e nalgunhas vilas até estudio de gravación de maquetas era inimaxinábel naquela altura. Hoxe é unha realidade na cada vez máis extensa Rede Galega de Locais de Ensaio. Por non falar, claro, da posibilidade de tocar noutras vilas galegas

-e cobrando!- como acontece hoxe grazas á Rede Galega de Música ao Vivo.

Que estamos a vivir a etapa máis prolífica da música galega contemporánea xa non o discute nin o máis chosco: hai máis grupos, de máis estilos e de maior calidade ca nunca. E, xa de paso, o galego comeza por fin a albiscar certa normalización nunha das materias pendentes, as letras. Porén, neste prometedor panorama, sorprende que aínda haxa críticos coas inéditas infraestruturas con que a Administración dotou esta nova escena galega nos últimos anos. Unhas voces sen dúbida interesadas e por sorte minoritarias que non se ouvían cando non había absolutamente nada e que dende logo non teñen nin idea do que é querer facer música, tocar para a xente e non poder por falta de medios.

O certo é que a día de hoxe un grupo que comece do único que se ten que preocupar —por fin— é do importante, de aprender a tocar e facer a mellor música que poida abrollar do seu talento. Un cambio que, antes ou despois, terá os seus froitos. Que materia prima xa tiñamos de antes.

O galego comeza por fin a albiscar certa normalización nunha das materias pendentes, as letras

A SALA



FOTO: ROUSSA

Sala Aturuxo

Rúa Pazos Fontenla, 59

Bueu (Pontevedra)

Capacidade: 200 persoas

Responsable: Víctor Manuel Cabaleiro

www.aturuxo.net

“Queríamos unha alternativa aos domingos de fútbol televisado, e así levamos quince anos”, explica Víctor Manuel Cabaleiro, *Leiro*, responsable da sala Aturuxo. O local de Bueu, un dos máis veteranos de Galicia con programación continua de concertos, arriscou no seu momento apostando por outra maneira de pasar as tardes do último día da semana. E a cousa funcionou.

Este ano, o Aturuxo é, xunto co Clavibalo, de Lugo, e La Fábrica de Chocolate, en Vigo, a sala que máis concertos enmarcados na Rede Galega de Música ao Vivo acollerá, con 24 recitais. A estas actuacións haberá que sumar outras, ata cubrir practicamente todos os domingos do ano, algúns sábados e tamén uns poucos festivos. “A xente de Bueu xa está afeita; o domingo ten a desvantaxe de que ao día seguinte todo o mundo traballa, pero tamén é ás veces un día morto no que apetece facer algo distinto”, explica Leiro.

O Aturuxo está situado nunha pequena edificación no centro de Bueu, unha illa ben curiosa —ten terraza e xardín— no me-

dio da expansión urbanística da vila. Polas súas táboas pasaron, desde a súa apertura alá a mediados dos anos noventa, os mellores grupos da escena galega, e varios pesos pesados da española e da internacional.

Sobre o escenario ten ocorrido case todo, desde veciños de idade avanzada que se poñen a cantar cos artistas ata apagóns que non conseguen que a música pare. Isto último pasoulles aos madrileños Vetusta Morla, que andan agora presentando disco: polo medio dunha canción fóiselles a luz, pero seguiron tocando durante dous minutos, sen baixar o ritmo, ata que volveu a enerxía, a tempo para enganchar con outro tema.

Ademais, o local acolleu exposicións, campionatos de fútbolín, teatro, actividades para os nenos... Por se fose pouco, a súa páxina web é todo un exemplo de participación: nos seus foros fálase de política, de música, de medio ambiente... e tamén da programación da sala, do que gustou e do que non gustou: todo un punto de encontro para a mocidade da comarca do Morrazo.

O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA



POR EMMA PLACER



MEDITERRÁNEO Joan Manuel Serrat

A veces pasa que nunca te cansas de escoitar algo, que a emoción percorre o teu corpo ao soar os primeiros acordes dun tema, ou que dez cancións bastan para resumir todos os teus sentimentos... A min pásame con *Mediterráneo* (1971), de Joan Manuel Serrat. É claramente o disco que me cambiou a vida.

Descubrino cedo: xa estaba aí cando eu cheguei, foi o primeiro regalo que lle fixo a miña nai ao meu pai. Ou foi ao revés? Desde que tiven consciencia, eu xa cantaba *Qué va a ser de ti* ou *Lucía*.

Mediterráneo acompañoume en todas as etapas da miña vida, e na faceta musical foi fonte de inspiración e de fondo respecto, porque as súas cancións van máis alá, son moito máis que cancións: son pura poesía.

EMMA PLACER E A SÚA BANDA PROPOÑEN UN POP QUE VAI DO INTIMISMO ENRAIZADO COS NOVOS CANTAUTORES AO ROCK URBANO MÁIS CLÁSICO, CON TEMAS CANTADOS EN CASTELÁN E EN GALEGO POLA VOZ POTENTE DA VOCALISTA VIGUESA.



ABRINDO NOVAS PORTAS

A música galega busca novo aire no exterior. As empresas da nacente industria, os artistas e os grupos fano, en moitos casos, acudindo a feiras internacionais nas que Galicia tenta asomar a cabeza e mostrarse como é: un país inzado de creatividade e de propostas ben distintas.

Serxio Lago, da discográfica Falcatruada, leva dous anos percorrendo as feiras

máis importantes de Europa e do mundo, do Womex (Sevilla) ao Midem (Cannes, Francia), do Popkomm (Berlín) ao London Calling (Londres), pasando por misións comerciais en Nova York ou en China. “Ao principio”, explica, “cando Falcatruada estaba nacente, eran unha maneira de coñecer como traballaban outras empresas. Para min ese segue sendo un dos valores fundamentais das feiras: nun momento no

que o modelo de negocio está cambiando, saber o que fai a xente por aí adiante”.

Estes eventos, explica Lago, serven de punto de encontro entre empresas de todo o continente, tanto para intercambios comerciais como para a busca de posibilidades de negocio conxuntas, “incluso con outras discográficas de Madrid, de Barcelona, de Euskadi ou mesmo de Galicia”. “Alí



ACTUACIÓN DO COMBO GALEGO CUBANO NA FEIRA INTERNACIONAL DO LIBRO DE LA HABANA FOTO: NACHO VÁZQUEZ

está todo o mundo, e todo o mundo está para traballar, así que facer reunións e sacar adiante as cousas é máis fácil”, di

A última destas experiencias foi a da Feira Internacional do Libro de La Habana, coa que a industria musical galega buscou abrirse camiño en Latinoamérica. Por unha parte, artistas galegos consolidados foron ao evento a mostrar a creatividade do país. Foi o caso de Uxía Senlle, Narf, Nordestinas, o cuarteto de Abe Rábade e Dios Que Te Krew. García, un dos compoñentes do grupo de hip hop de Ordes, comenta o resultado da visita cunha frase ben gráfica: “O que nos quedou claro é que a música galega funciona tamén fóra”, di. Os Dios Que Te Krew deron un primeiro recital nun centro xuvenil, e outro no propio recinto da Feira do Libro. “Eu creo que foi un exitazo

absoluto”, asegura García, falando do segundo concerto. “Había centos de persoas, porque é un evento ao que van moitas familias, moitísima xente. Alí len, non fan coma nós”, afirma, só medio en broma. A mensaxe das súas letras en galego callou, ademais: “Iamos un pouco asustados porque son realidades moi diferentes; pero se algo ten o hip hop é que comunica moito, e axente reaccionou ben, sobre todo cando cantabamos cancións sobre a legalización da marihuana ou preguntando en que traballa o Rei”, ri.

Por outro lado, os músicos galegos participaron en proxectos creados ex profeso para La Habana. Rosalía21 foi, por exemplo, unha experiencia a cabalo entre a literatura e a música. Un dos espectáculos de maior impacto na feira xuntou a músicos

dos dous lados do Atlántico no Combo Galego Cubano, que traballou durante dúas semanas antes de ofrecer a súa Descarga Ao Vivo, cun repertorio baseado en músicas de principios do século XX, froito das emigracións.

Ferramentas como Galiciantunes apoian esta ansia de empresas e músicos por saír ao exterior. Desde esta web, xestionada polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, calquera persoa en calquera lugar do planeta pode obter algo máis ca un mapa do que se fai nesta esquina atlántica: descargas de cancións de grupos de multitude de estilos, acceso aos principais recursos, selos e asociacións e un pequeno repaso pola historia da música galega demostran que por aquí se fan cousas ben interesantes.

LOS IRIBARNE, ROCK ESPACIAL NA SALA DZINE, SAN SADURNIÑO. 11 DE MAIO DE 2007.



TA BOLEIRO
A REDE EN 2007



QUEMPALLOU, APROVEITANDO O ESPAÇO EN A FRAGUA (REDONDELA). 22 DE XUÑO DE 2007.



LOS CRUELES, SAUDANDO DESPOIS DE TRES BISES. SALÓN PARROQUIAL, PONTEAREAS, 29 DE XULLO DE 2007.



DR. FUNKSTEIN, ALTERNANDO COS FANS. SALA DZINE, SAN SADURNIÑO, 27 DE ABRIL DE 2007.



SAFARI ORQUESTRA, VOANDO NA CASA DAS CRECHAS (SANTIAGO COMPOSTELA). 25 DE OUTUBRO DE 2007.



TELÉMACO AOS PRATOS NA SALA WOODSTOCK (PORTONOVO). 23 DE MARZO DE 2007.

Se queres que a túa foto apareza no taboleiro de AO VIVO MÚSICA, envíanola cun pequeno comentario a igaem@xunta.es (asunto: taboleiro ao vivo)



FUSIÓN

JAZZ

TRADICIÓN
E FOLC

CANCIÓN
DE AUTOR

A PARTIR DE MAIO EN TODA GALICIA

MERCEDES PEÓN



ISGA COLLECTIVE

LEO GIANETTO'S
JAZZ PROJECT



VICTOR ANEIROS BAND



FÍA NA ROCA

FALTRIQUEIRA



TREIXADURA GAITEIROS
+ ORFEÓN TREIXADURA



QUEMPALLOU



ABE RÁBADE TRÍO



ALBERTO CONDE TRÍO



NARF



SILVIA PENIDE



ROSA CEDRÓN



CARMEN DOR




XACOBÉ MARTÍNEZ
ANTELO QUINTETO



www.culturavai.info

2008 SALAS GRUPOS

A FRAGUA A TUNA RASTAFARI
ACHE AGUARDIENTE SWING QUARTET
ATURUXO ALBERTO PÉREZ
AURIENSE CAFÉ CULTURAL ALEGALES
BABEL ÁLVARO MURAS
BADULAKE ATAQUE ESCAMPE
BAR LICEUM AVELAÍÑA
BARANDA BALAKANDRA
BORRIQUITA DE BELÉN BRUNO T. FORD
CAFÉ CULTURAL ROI XORDO BUKOWSKI BLUES TRIO?
CASA DAS CRECHAS CAPITÁN FURILLO
CATRO CAMIÑOS CARLOS CHILDE TROUPE
CLANDESTINO CARLOS LÓPEZ QUARTET
CLAVICÉMBALO CARMEN DOR
CONTRABAJO COANHADEIRA
DISCO-SALA OGMIOS COLECTIVOORUGA
EL ENSANCHE COOL BEAT
EL OTRO CAIMÁN CORNELIUS
FORUM CELTICUM DÉTOUR
GARUFA DÍA DE FURIA
JAZZ FILLOA DIEGO MASSIMINI
JAZZ VIDES DISMAL
LA CASA DE ARRIBA DOCTOR HARAPOS
LA FÁBRICA DE CHOCOLATE DORIAN GRAY
LA GALERÍA EDU MANAZAS & WHISKEY TREN
LA IGUANA EL CUBO
MANTECA JAZZ ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS
MARRUCHO EMMMA PLACER
MICOS FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK BROTHERS
NÁUTICO FEDERICO LECHNER TANGOS&JAZZ TRÍO
O CON DO MOUCHO FERNANDO ESCLUSA
PLANETA GRASA
PUB D'ANTÓN ROCK CAFÉ GUSTAVO ALMEIDA & BRASILIAN NIGHT
PUB GATOS HEISSEL
PUB LEBLON HOLYWATER
PUB O MUÍÑO HOT3 SSS
SALA 600 IGLOO
SALA CLAN IVAN & JOSITO
SALA KARMA JABÓN BLUE
SALA MOGAY JASO&BOO JAZZ PERFORMANCE
SALA RUN RUM JATO NEJRO JAZZ TRÍO
SALASON JUGOPLASTIKA
SALÓN PARROQUIAL KIN GARCÍA TRÍO
VAGALUME CAFÉ CONCERTO KOGITO
VERBUM JAZZ LE PUNK
WOODSTOCK LITTLE ALBERT BOOGIE BAND
ZONA ZERO LOS CASANOVAS
LOS HIGH SIERRAS



Rede Galega de música ao vivo

PROGRAMACIÓN CARLOS
HUMBERTO DÍAZ PÉREZ

www.musicaovivo.info



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

clubtura
asociación galega de salas de música ao vivo

MACHINA
MAMA BOOGUE
MARCOS MELÉNDREZ Y GASTON RODRÍGUEZ TANGO BAR
MIKI NERVIO & THE BLUESMAKERS
MITOCONDRIAS
MOONDOGS BLUES PARTY
MR.DIXIE JAZZ BAND
NIÑO Y PISTOLA
NORGE BATISTA
O LEO I ARREMECAGHONA!
O SONORO MAXÍN
PACÍFICO
PEPA E DAVIDE & MADAME CELL
RENATO SPENCER & CAFÉ CAXAÇA
ROCKERS GO TO HELL
SAMUEL LEVI
SAX MACHINE
STEREOTIPOS
SUMRRÁ
SWEET OBLIVION BAND
SWINGPOOL
TANGATA
THE BLOWS
THE TURRE'S BAND
TON MARTÍNEZ-RISCO/JACOBO DE MIGUEL DÚO
TONHITO DE POI
TRANSILVANIANS
Ú-LO TRÍO?
VETUSTA MORLA
VOZES DA RÁDIO
WE ARE BALBOA
ZÉNZAR